

Número 14 - Ano 2024

ACTA

da sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

30 de outubro de 2024

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e corenta e tres minutos do trinta de outubro de dous mil vinte e catro; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, reúnen os concelleiros e concelleiras DONA ELENA CANDIA LÓPEZ; DONA CRISTINA SANZ ARIAS; DON ENRIQUE ROZAS LÓPEZ; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA FLORA RUBINOS ROIS; DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN; DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ; DON AGUSTÍN GALLEGO VIGO; DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO; DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Transición Ecolóxica; DON MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Dinamización Económica e Relacións Internacionais; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión Social e Territorial; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social e Maiores; DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ, Concelleira Delegada de Muller, Igualdade e Inclusión; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; e DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Non asiste DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA que xustificou a súa ausencia.

Dá fe do acto a Secretaria Xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Luís Ramón Vázquez Parga.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac6504364360033273052.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 30-10-2024

A presente sesión foi convocada por resolución da alcaldía de data 25 de outubro de 2024 e notificada por secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

1/167 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 342/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTALARLE AO GOBERNO MUNICIPAL A QUE CEDA OS TERREOS NECESARIOS PARA QUE SE CONSTRÚA A NOVA COMISARÍA DE POLICÍA NACIONAL DE LUGO (2024/G004/000728)

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

1/167 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 342/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTALARLE AO GOBERNO MUNICIPAL A QUE CEDA OS TERREOS NECESARIOS PARA QUE SE CONSTRÚA A NOVA COMISARÍA DE POLICÍA NACIONAL DE LUGO (2024/G004/000728).- Visto o escrito número 341/2024 de rexistro de Pleno, presentado polo Grupo Municipal do Partido Popular, no que solicitan a convocatoria dun pleno extraordinario para tratar a proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“A comisaría de Policía Nacional de Lugo é un edificio con máis de 50 anos de antigüidade, que co tempo e falta de actualización foi quedando obsoleto e limitado en espazos.

Desde o ano 2010 a necesidade dunhas novas instalacións para a comisaría de Policía Nacional é un debate presente, que puxo sobre a mesa diferentes posibilidades, tomándose a decisión da construción dunha nova edificación na parcela ofrecida polo goberno municipal.

En setembro de 2023, o Grupo Popular no Senado recibía como resposta á pregunta de se o Goberno pensaba construír unha nova comisaría que, “por parte de los técnicos del Área de Arquitectura de la Dirección General de la Policía, se está llevando a cabo la preparación del Programa de Necesidades para poder desarrollar el proyecto técnico de una nueva Comisaría de Policía en Lugo”.

Foi o 28 de febreiro de 2024, cando a alcaldesa e o delegado do Goberno anunciaban a ubicación elixida polo goberno municipal, para facer a nova comisaría da Policía Nacional, tras tomar en consideración as directrices dos técnicos do Ministerio do Interior, e considerar que a parcela de 2.117 metros cadrados situada na confluencia da rúa Orquídea con Aquilino Iglesias, era o lugar idóneo para a mesma, a pesar de que os sindicatos da Policía Nacional afirmaron que non

permite a construción dun edificio do tamaño necesario para desenvolver a súa actividade.

Lindeira a esta parcela polo lado dereito sitúase o Polígono de Actuación 12.2, que tal como indica o PXOM, debe desenvolverse por iniciativa pública, e que podería engadirse á parcela ofertada polo goberno municipal dotando así, de superficie suficiente para a construción dunha nova comisaría de Policía coas dimensións requiridas por este corpo.

En maio de 2024, a preguntas do Grupo Parlamentario Popular no Congreso dos Deputados, a resposta foi que, “actualmente, técnicos de la Dirección General de la Policía están elaborando el Programa de Necesidades como requisito previo para, junto con los parámetros urbanísticos, poder determinar la idoneidad de la parcela ofertada por el Ayuntamiento de Lugo para la construcción de la nueva Comisaría Provincial”. Os Senadores do Grupo Popular recibiron a mesma resposta este mes de outubro ás preguntas realizadas o 2 de xullo na Cámara Alta.

O GMPP presentaba a pleno no mes de xullo a pregunta de “por que non se elevou a pleno a cesión da parcela”, obtendo por resposta: “La tramitación del expediente sigue su curso tal cual estaba previsto para poder materializar la cesión de esta finca y se elevará a este pleno cuando corresponda”, algo que chama a atención, xa que a Sra. Alcaldesa ofertara no mes de febreiro os terreos para a construción dunha nova comisaría.

Ante o desinterese amosado por parte do goberno municipal e a falta de avances ao respecto, o Grupo Municipal do Partido Popular trae esta iniciativa a Pleno para que a Corporación Municipal ACORDE:

Ceder os terreos necesarios para dotar á cidade de Lugo dunha nova comisaría de Policía Nacional con dimensións suficientes, negociando cos propietarios das parcelas lindeiras á 6434401PH1663S, ofertada polo goberno municipal.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 12 | do Grupos Municipal do Partido Popular. |
| - Votos en contra: | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Abstencións: | 0 | |

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade da Excm. Sra. alcaldesa presidenta, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac6504364360033273052.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 30-10-2024

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moi ben, polo Partido Popular. Señora Candia.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Pois moi bo día a todos. En primeiro lugar, como acabamos de facer, vía rexistro do Concello, poñemos en coñecemento a preocupación dos pais do colexio Quiroga Ballesteros, que esta mañá vían como fendas estruturais no edificio ameazaban a seguridade dos mesmos, e, como digo, polo conduto ordinario poñémolo no seu coñecemento e pedimos medidas urxentes.

Tendo tamén un recordo para a situación que vive neste momento Valencia, que tamén me parece de grande impacto, arrancamos este Pleno extraordinario, que ten un obxectivo: que este Concello, esta Administración, tal como se comprometeu, poña a disposición do Ministerio unha parcela coa dimensión suficiente para construír unha comisaría tal como o necesita, e, por suposto, consenso unánime de todas as forzas políticas, de todas as entidades veciñais e de todas as forzas sindicais.

Fai hoxe precisamente un ano que este grupo lanzaba ao 30 de outubro do 2023, unha proposta, unha proposta en positivo, cunha alternativa de ubicación o edificio de Obras públicas, unha parcela cunha dimensión de 2.173 metros cadrados e que entendiamos que cedendo dous hangares que estaban infrautilizados á Xunta de Galicia, que permitiría unha ubicación axeitada, e seguimos insistindo que a zona norte e a ubicación que queremos é coa que nos comprometimos, ademais, de loitar cos veciños e veciñas deste Concello. Foi uns meses despois, ese anuncio non tivo moi boa acollida por parte do Goberno, pero si que cumpriu o seu obxectivo, o obxectivo era que se sacara novamente do caixón un debate que entendemos necesario e, o máis importante, que se avanzara e se xestionara para que non se perdese esa oportunidade, Atopei e teño por aí unha carta que no ano 2019, un ministro dicía que no Plan de infraestruturas 2019, 2025 á comisaría de Lugo estaba dotada cunha partida de seis millóns de euros, e, como todos sabemos sumar, quédanos exactamente un ano para que esa partida non se perda.

Foi en decembro cando técnicos do Ministerio visitaron a cidade, ou polo menos así se nos informou pola prensa, e resumindo moito, porque o pasado máis ou menos coñecémolo todos. en febreiro anúnciase nunha comunicación a medios de comunicación que o Goberno ellexía unha parcela ubicada en Abella. Desde febreiro ata agora pasaron varias cousas, preguntas no Congreso, contestacións que non eran para nada clarificadoras, dicindo que se estaba facendo o estudo de necesidades, e a última, casualmente, o dous de outubro, tres ou catro días antes da última comunicación pública por parte do Goberno, dicían que se estaba estudando a viabilidade urbanística da parcela. A realidade de ese anuncio que se fai, é o último anuncio que se fai por parte do Goberno local na primeira semana de outubro, máis que é un anuncio, ou unha proposta en positivo, parecía un caso práctico dun exame de secretarios de Concello ou de funcionarios do grupo A. É dicir, cedían una parcela de 2.117 metros cadrados, como dixeran anteriormente, a rolda da Muralla son 2.173, para construír un proxecto que necesitaba unha superficie de 3.175 metros cadrados. Iso si, mandaban unha mensaxe

tranquilizadora, de que encontrarán 80 metros nunha parcela, supoño que sería un error de medición, porque era imposible alí non hai unha parcela de 80 metros e que eses 2.117 máis 80 metros, insisto, pretendíase dar unha mensaxe tranquilizadora de que se ía a construír un proxecto de 3.175 metros cadrados. Como digo, un caso práctico máis que unha noticia dun concello que pretenda meter unha mensaxe de tranquilidade aos veciños e veciñas. Detrás ocultan que ten que haber una operación urbanística, ten que incrementarse a edificabilidade e detrás ocultan, que o que viñeron a dicir os técnicos precisamente do Ministerio, é que tal como estaba a parcela non valía. Pero como do que se trata isto é de avanzar e, por suposto, de impulsar a nosa proposta é, porque dunha maneira construtiva non avanzan e polo menos intentan adquirir parcelas colindantes que nos permitiría ter unha construción, como o demandan ademais os axentes, en base non en altura, e engadir a esa parcela a todas luces insuficiente os metros suficientes para poder construír a parcela que se necesita. Neste polígono de actuación hai unha parcela de equipamento de 100 metros cadrados que permitiría aportar una solución urbanística aceptable, e dunha maneira áxil poder non perder esa oportunidade, insisto, non perder novamente o tren do Plan de infraestruturas e aproveitar, se efectivamente era certo o que dicía ese ministro socialista, eses seis millóns de euros que estaban consignados. Moitas grazas.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do goberno, Ana González Abelleira.

DON ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Moitas grazas, señora alcaldesa. E vaia por diante a nosa solidariedade, do Concello de Lugo, co pobo de Valencia pola catástrofe que están sufrindo.

Moi ben, o PP, palabrería permanente, malabarismo político, como sempre, dicindo que fan apropiándose do traballo e da xestión dos máis, neste caso do Goberno de Lugo. E voulles recordar, porque aproveitaremos este Pleno sen sentido, dende o meu punto de vista, naqueles tempos da moción de censura de Rajoy, deuse un xiro de batuta, é unha desacreditación do traballo que se levaba facendo co único fin, coma sempre, de colgarse medallitas, e solicitando a este pleno extra, que, volvo dicir, sen sentido, o día que souberon, e que ademais tiveron información da reunión que a señora alcaldesa ía ter con membros da Policía, co Goberno, coa Delegación do Goberno de Galicia en Lugo, coa subdelegada de Galicia en Lugo, cos técnicos tamén da Policía para seguir avanzando no traballo que se levaba feito, como moi ben vostede di dende o ano anterior.

O traballo está moi avanzado, e pronto verá a luz, pero vostedes seguen coa palabrería permanente, PP, palabrería permanente. En primeiro lugar, o goberno de Lugo traballa porque entende a necesidade dese equipamento que leva 50 anos sen modificarse e, sobre todo, as peticións veciñais que así o demandaban. Pero o que fixo o PP ata ese momento? Unicamente buscar réditos políticos, como acaba vostede de dicir. En febreiro de 2017, o señor Feijóo anuncia que se fará na Residencia vella sen existir nin sequera un estudo previo para isto, e apoiábase nun

boceto que, por suposto, nunca viu a luz. E de feito, na moción de censura que perdeu o señor Rajoy no 2018, a Xunta deixa sen efecto os acordos necesarios para que o estado do Vello Xeral non poida albergar esa comisaría que era onde en principio se tiña proxectada, porque non o permitiu o Partido Popular, porque, grazas ao salvador da Xunta, como di a valedora do Pobo, o señor Amancio, os terreos ocupáronse integramente pola residencia privada de maiores, que, por certo, a ver se son capaces de poñer a andar, porque xa co tempo que levan, e aínda... Así que, 2011, a Xunta; 2017, Feijóo; 2018. Rajoy. PP: palabrería permanente.

O Goberno local seguiu traballando, liderado pola alcaldesa fai un traballo que vai ver moi pronto a luz, e aparecen vostedes, polo tanto, é que non podemos apoiar esta moción, primeiro porque é un sen sentido de Pleno, porque eu non entendo, eu, desde o meu punto de vista, non sei se é para poder cobrar as asistencias porque dende logo que outra finalidade non ten... Como dicía no Goberno seguimos traballando, e a comisaría de Policía vai ver a luz moi moi pronto, pero vostedes seguen querendo levarse o traballo que estamos facendo os demais. Enteranse de que se están negociando terreos, e propoñen esa idea descabellada, que vostede pronunciou do edificio de Obras públicas, entendendo o edificio de Obras públicas na zona norte, na zona do barrio da Residencia, que fora a que palabrería permanente prometera. Todos os lugueses e luguesas sabemos onde está Obras públicas. Non sei que extensión ten o barrio da Residencia ou a zona norte, ao mellor habería que que miralo.

E aproveito para indicar que isto non ten marcha atrás e que imos seguir traballando, independentemente do malabarismo que vostede ...

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas. Ten a palabra novamente á señora Candia.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Non lle vou explicar ata onde chega o barrio, porque din que quen non coñece Lugo son eu, pero as súas carencias, normalmente, só de escoitalas e seguilas, quedan moi claras.

Mire, vostede para nada clarificou nin deu resposta ao que lle propuxen, entendo que tivo que dicirlle o que lle mandaron ou terá que seguir o argumentario. Si que vou pedir que rectifique o das asistencias, entre outras cousas porque non as pagan porque deben adebedar polo menos 6 meses, así que non creo que sexa o motivo. En segundo lugar, failles moita graza porque son así ... se só fosen as nosas asistencias as que deben. Falou vostede do 2011, falou vostede do 2017, falou vostede do 2018, pero a realidade é que non explicou nada do que fixeran dende hai un ano. Si que lle agradezo que efectivamente recoñeceu que sacaran o debate, que empezasen a moverse dende hai un ano e iso agradézollo. As propostas en construtivo poden ser valoradas ben ou mal, pero teñen que ter todo o respecto, porque xa lle digo moitas veces que si este grupo ten 12 concelleiros é porque evidentemente representa a moitos lucenses e cando nos descualifica, os descualifica tamén a eles. A realidade que non hai expediente en Patrimonio, a realidade que non hai ha iniciado a modificación urbanística que requiriría a

construción dun edificio de 3175 metros nunha parcela de 2117, iso é matemática, e a realidade é que a palabrería téñena vostedes. Gobernan dende o ano 1999, hai un compromiso de construción na Residencia, xa non digo máis, pero para que entendan o compromiso que lle fan os seus dende o ano 2019, a anterior a alcaldesa, porque vostede dixo a alcaldesa esta vez non xa non lle puxo apelido, pero a anterior alcaldesa comprometeuse cos veciños do Castiñeiro en facelo na parcela que ían permutar -outra permuta metida no conxelador, que tamén de dirán que están traballando- en definitiva, neste momento paréceme que hai unha vontade do Ministerio, hai unha necesidade indiscutible, é o que falta, é una parcela que ten que ceder o Concello calquera trámite que calquera Concello é capaz de facer en tres, catro meses, nesta Administración local teñen que recorrer a Rajoy, teñen que recorrer a Feijóo para non ser capaces de mandar unha mensaxe tranquilizadora de que efectivamente van ceder a parcela coa dimensión suficiente. Vostede dixo que estaban negociando a amplitude de terreos. O que voten hoxe a verdade é que é o menos importante. O importante é que cumpran os compromisos que adquiren; o importante que sexan transparentes coa xestión, porque é unha obrigaón, non é unha opción; é o importante é que avancen, e que este Concello non perda novamente a oportunidade de ter unha infraestrutura, xa non digo, porque parece que a alcaldesa quere ser alcaldesa de 2040 ou 50 ou 60, que era o que lle preocupaba, a nós preocúpannos as necesidades deste ano, e preocúpanos ademais que se cumpran os compromisos dados por todas as forzas políticas, e mal que lle pese, nós imos traballar porque vemos que non hai avances, porque os avances dun Goberno non é na páxina de Facebook ou en Instagram. Os avances do Goberno son expedientes e ten que haber unha permuta, ten que haber un acordo en Pleno, ten que haber unha modificación urbanística, se deciden non modificar a ubicación, e iso son expedientes que, mal que lles pese, podemos controlalos, e eses non están, e como non están, o Pleno...

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Señora Candia, Moitas grazas. Ten a palabra, a voceira do goberno, Ana González Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Señora Candia, aplíquese o conto. Compromisos de goberno que, como lle digo, verán a luz moi proximamente. Pero tamén a invito a que xa que eses orzamentos da Xunta de Galicia, que tan bos son para Lugo e que levan 15 anos sendo os mesmos exactamente, os mesmos, que haxa ese compromiso real tamén por parte dos outros organismos. Non sei a quen pretenden enganar, palabrería permanente, e pensei que leran a nota do nove de outubro e por iso non quixen dicir en que sentido se estaba traballando, pero convídoos a que a que lean e así verán que se procederá a cesión das fincas necesarias para levar a cabo a construción desta comisaría de policía, e que está moi preto. E, sen dúbida, o único que pretenden é enlamar, coma sempre e, como lles digo, sabendo que estaba moi próxima a resolución, quérense poñer a medallíña neste caso da Policía Nacional.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas. Señora Candia.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Remítenos a una nota de prensa e iso é o máis exemplarizante de que efectivamente non hai ningún expediente iniciado e di que vai estar moi preto, o mesmo que nos dixo en febreiro, o que confirma que efectivamente non está. Por conseguinte, eu o que pido é que non enganen, que non repitan 50.000 veces unha mentira, porque encargáronos de que a xente saiba que non se vai converter en verdade e que avancen se están de acordo nunha infraestrutura imprescindible para Lugo, E a palabrería, e despois de escoitala a vostede non me queda ningunha dúbida, é a que practican vostedes, e ademais presumen diso, porque a realidade é que pasou un ano dende o 30 de outubro e o máximo que nos puido dicir vostede é que está moi preto, un tema comprometido dende o ano 2019, como mínimo, que esa partida orzamentaria evidentemente xa non se vai a poder gastar por cousas obvias, porque o expediente nun ano non o vai a poder licitar. É unha pena, é o único que lle pedimos é que á marxe de entrar en...

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas, señora Candia. Acabou a súa quenda, señora Candia.

Ben, pois voulle dar unha noticia, señora Candia, moi mala para vostede, moi boa para todos os lucenses, moi boa para todos os lucenses, pero moi mala para vostede. A Xunta de Goberno, que acabamos de acabar, acabamos de aprobar a transmisión con cambio de titularidade dos bens inmobles que a continuación se indican a favor da Administración do Estado para a súa afectación permanente o Ministerio do Interior, con destino á construción dunha sede, dunha nova sede de comisaría de Policía Nacional de Lugo. Moi mala noticia para vostedes..., perdón, ... moi mala noticia para vostedes e moi boa noticia, moi boa noticia para os veciños e veciñas de Lugo. O que está claro, así quedou reflectido, quería un pouco que se retrataran. Levan, mire, voulle dicir os últimos momentos, o 9 de outubro tiña vostede coñecemento que había una reunión con todos: a Dirección Xeral de Policía, representantes do ministerio, todos os representantes e técnicos da área de Infraestruturas da Policía nacional, o delegado do Goberno, a subdelegada, ese mesmo día, ese mesmo día, claro, porque tiña coñecemento de que se ía a facer a reunión, convocou un pleno extraordinario por este tema, o mesmo día, 9 de outubro. Supoño que tería varias razóns: a primeira, matar a noticia, porque vía que íamos avanzando... silencio, por favor... Estou falando eu... Como digo sempre, a cultura adquirese con traballo, pero a educación hai que traela de casa... O que vou dicir e vou facer este resumo: o 9 de outubro, como sabía que xa tiñamos varias reunións, que eran constantes, que íamos avanzando, pero é que nós traballamos de maneira constante, de maneira calada para evitar esas liortas que día tras día intentan enlamar constantemente todo o que se avanza. Polo tanto, nós seguimos traballando de maneira, como digo, pertinaz, constante, en silencio, que é como se debe facer. Normalmente, sen ten algún tipo de filtracións, xa saen na prensa para intentar enlamar todo o que sae, pero neste caso non tivo a sorte de que lle filtraran

nada, e seguimos traballando, como lle digo, tanto o Ministerio como o Concello, dunha maneira tranquila e, ben, o resultado está aí: hoxe na Xunta de Goberno aprobouse a cesión; o día 17 deste mes, o Ministerio xa mandou unha comunicación que consideraba idóneas as parcelas e, polo tanto, fíxéronse todos os informes que, por suposto, se necesitan unha serie de informes importantes, e fíxéronse todos os informes e hoxe xa foi así, e por iso lle digo: é moi mala noticia para vostede, pero unha gran noticia para todos os veciños e veciñas de Lugo.

Tamén estaba recordando a proposta que fixo o PP, neste último ano, como sempre, liando liando, propoñendo un edificio do que nin sequera tiñan a titularidade total. Sabían que ese edificio non era idóneo, así o dixo o Ministerio, pero, ben, constantemente, porque xa non me vou atrás, como dicía a voceira do Goberno, xa non me vou ao ano 2017, que estaban ensinando aquilo que ía ser na antiga Residencia. No ano 2018, o mesmo día da moción de censura, métese todo no caixón, así foi. Entón empezamos a traballar na posibilidade, pero cando xa tiñamos unha posibilidade e estabamos ofrecendo ao Ministerio distintas parcelas, e aquí que nos ofrecen o edificio que está na ronda da Muralla que, por suposto, non está no barrio da Residencia, senón na ronda da Muralla, ofrécen iso. E iso só tiña un obxectivo: vostede fala de proposicións en positivo, vostedes estaban facendo unha proposición que sabían que non era viable, ademais o de sempre, nin sequera tiñan a titularidade, a Xunta ten aí unha serie de departamentos ou partes do edificio, pero nada máis. O de sempre, eu invito e vos pagades, pero sabía perfectamente pola localización, os accesos, as posibilidades, o que necesita a nova comisaría, un edificio que englobe todas os seus servizos, que teña unhas comunicacións rápidas e unha zona de aparcamento moi rápido e, evidentemente, todos sabemos o que esta esta na ronda da Muralla, non cumpría os principios fundamentais, por iso nin sequera nin sequera foi estudada, porque non tiña sentido ningún, porque a proposta que se facía, esa proposta en positivo que di vostede, só tiña un obxectivo, que era como sempre, palabrería, malabarismo, enlamar e intentar poñer zancadillas. E sempre máis do mesmo. Nós, como lles dicimos, traballamos de maneira constante, sen facer ruído, todo o contrario do que pretenden facer vostedes. É o que está claro, é que hoxe na Xunta de Goberno Local aprobouse, con todos os informes favorables, a cesión desas parcelas para que por fin aos lucenses teñamos esa esa comisaría, E, como dixer, chegou ao deste traballo pese ao que intentaron facer, como fan nun e noutro proxecto, pero nós imos seguir traballando desa maneira constante e desa maneira tranquila. Polo tanto, hoxe é un gran día porque acaba de aprobarse a cesión da parcela ao Ministerio para que se constrúa esa a comisaría de Policía tan desexada por todos e todas as lucenses.

En todo caso, tampouco quero rematar sen dicir qué razón podía ter que esta proposición, unha proposición normal e corrente, se metera nun pleno extraordinario, podería ser nun pleno ordinario, absolutamente. Tiña esa razón. 9 de outubro, tiñamos aquí esa reunión, estaban seguros que estábamos avanzando, ou polo menos o intuían, o que non sabían é que estabamos avanzando tan rápido. E, por iso, a sorpresa que xa vin na súa cara, señora Candia, porque para vostede hoxe é un mal día.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac6504364360033273052.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 30-10-2024

Tampouco quero pechar este Pleno sen acordarnos de todas as vítimas que xa sabemos, aínda que non están cuantificadas, na comunidade valenciana. É un día triste para todos nós, esperemos que os danos persoais non sexan moito máis aló do que se estaba dicindo nos últimos momentos. Os danos persoais que son sempre os máis importantes. Os danos materiais sempre se poden arranxar, tardarán máis ou menos, haberá que axudar, estar aí. Aí estamos todas as comunidades autónomas e todos os veciños e veciñas, todos, e toda España mirando para esa comunidade autónoma, e aquí estamos tamén, o Concello de Lugo, sempre poñéndose á disposición cando ocorren desgracias como estas, esperemos que non haxa máis danos persoais, aínda que os materiais son tremendos. Polo tanto, ese recordo cariñoso do Concello de Lugo cara a todas as persoas afectadas. Moitas grazas a todos. Imos votar...

É increíble, non queren que a comisaría de Policía se faga onde se vai facer. Pois están votando, xa ven, cando se lle acaba de comentar, cando se acaba de comentar que xa está aprobada a cesión, pero este é o Grupo Municipal do Partido Popular nos últimos tempos. Moitas grazas a todos.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excma. Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as once horas e oito minutos do expresado día trinta de outubro de dous mil vinte e catro, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ó Libro de Actas. De todo o cal, eu, dona Ana María Rivas García, Secretaria Xeral do Pleno, dou fe.